



BOP

MÉRCORES, 8 DE AGOSTO DE 2018

N.º 181

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía nº 2018-0533 de 23/07/2018 apróbase a convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación con carácter temporal dun/dunha logopeda que prestará os seus servizos na Unidade de Atención Temperá.

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA LOGOPEDA ADSCRITO/A Á UNIDADE DE ATENCIÓN TEMPERÁ.-

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección que se levará a cabo para a contratación con carácter temporal dun/dunha logopeda que prestará os seus servizos na Unidade de Atención Temperá.

A natureza do contrato será laboral temporal na modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo a tempo completo (37,5 h/s) e a súa duración estenderase dende a data da sinatura do correspondente contrato ata o 31 de outubro de 2018.

Funcións: Prevención, detección, promoción, administración, avaliación, diagnóstico, tratamento, rehabilitación, habilitación, prognósticos, orientación, asesoramento, docencia e investigación das áreas de comunicación humana e as súas alteracións na atención temperá: nenos/as de 0 a 6 anos.

O/a aspirante seleccionado/a e contratado/a percibirá as retribucións establecidas no Convenio colectivo aplicable ao persoal laboral do Concello de Burela co seguinte desglose bruto mensual: salario grupo A2 978,26 € ; complemento de destino (nivel 18) 402,73 €; complemento específico: 64,59 € e parte proporcional de paga extra 196,80 €.

As bases íntegras publicaranse no BOP de Lugo, na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no taboleiro de anuncios do Concello e estarán a disposición dos /das interesados no Rexistro Xeral do Concello.

2.- REQUISITOS DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Para ser admitidos/as á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Estar en posesión do título oficial de grado en logopedia ou diplomatura universitaria en logopedia. No caso de alegar equivalencias de títulos achegarase o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán ter o documento que acredite fehacientemente a súa homologación.

e) De acordo co establecido na Orde 27/03/2018 da Consellería de Política Social (DOG núm. 72 do 13/04/2018): acreditar formación académica específica en materia de desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou apoio familiar ou, alternativamente, acreditar experiencia suficiente nestas materias (mínimo un ano).

f) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a

corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade que determine a lexislación vixente.

3. - FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os/as interesados/as dirixirán as solicitudes ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Burela e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade ou nos lugares que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 5 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no BOP de Lugo . Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

Cando se presenten en correos, deberá entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado de correos.

Dado o carácter urgente da convocatoria, os/as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, deberán remitir por fax ao Concello copia selada da instancia dentro do prazo de 5 días naturais sinalado anteriormente (nº de fax: 982 58 59 45).

O impreso de instancia axustarase ao modelo oficial que se facilitará no Rexistro xeral do Concello, publicándose así mesmo na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>).

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as (neste caso con indicación das causas que dean lugar á exclusión), que se fará pública na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello, exclusivamente.

Ademais, en dita resolución fixaranse os titulares e os suplentes que conformarán o Tribunal Cualificador.

Figurar na relación de admitidos non suporá que se lles recoñeza aos/ás aspirantes estar en posesión dos requisitos esixidos nos procedementos que se convocan. Cando da documentación que debe presentarse logo de ter superado o procedemento de selección se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en tódolos dereitos que se puidesen derivar da súa participación nos procedementos de selección correspondentes.

Concederáse un prazo improrrogable de 2 días hábiles para reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello. Para os efectos de axilizar o procedemento, de non presentarse reclamacións dentro do prazo establecido a resolución de admitidos/as e excluídos/as poderase entender elevada a definitiva.

As reclamacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional.

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados, para a fase de concurso. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento dos interesados, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

4.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

Á solicitude deberá xuntárselle:

- a) Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros, debidamente compulsados por ambos os dous lados.
- b) Fotocopia compulsada do título académico esixido
- c) Documentación acreditativa da formación académica específica en materia de desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou apoio familiar ou da experiencia suficiente nestas materias.
- d) Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais debidamente compulsadas dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

5. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

O tribunal cualificador estará composto por un/unha presidente/a e catro vocais, empregados públicos entre os/as que non se incluírán persoal de elección ou de designación política, nin funcionarios/as interinos/as ou persoal temporal ou eventual.

Actuará como Secretario o da Corporación ou empregado público en quen delegue, con voz e sen voto.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, no podendo ostentarse esta en representación o por conta de ninguén.

Os membros do Tribunal deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requirise un nivel igual ou superior de titulación ao esixido para participar neste proceso selectivo.

A Resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos coa designación dos membros do Tribunal que incluírá os seus respectivos suplentes, farase pública na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello a efectos de recusación.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir notificándoo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O/a Presidente/a poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención. Así mesmo os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

6. - SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO DE MÉRITOS.

Consistirá na valoración dos méritos aportados e debidamente xustificados polos/as aspirantes.

6.1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL.-

a) Por cada mes completo de servizos prestados como logopeda en calquera Administración Pública, en Centros de Atención Temperá: 0,25 puntos, ata un máximo de 2 puntos.

b) Por cada mes completo de servizos prestados en calquera Administración Pública ou organismo desta dependente en postos para os que se requirise o título de diplomado/grado en logopedia: 0,25 puntos, ata un máximo de 1,50 puntos.

De computarse os servizos polo parágrafo anterior, non se computarán de acordo con este punto b).

c) Por cada mes completo de servizos prestados en calquera outro centro ou empresa privada para os que se requirise o título universitario de diplomado/grado en logopedia: 0,25 puntos, ata un máximo de 1 punto. Non se computarán as fraccións inferiores a un mes.

Os extremos anteriores acreditaranse mediante certificación expedida polo Organismo oficial no que se prestaron os servizos ou mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificado de empresa ao que deberá acompañarse, en todo caso, fotocopia compulsada do contrato de traballo inscrito no Servizo Público de Emprego.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais, contados dende o inicio de cada contrato ata a súa data de finalización. A puntuación reducirase proporcionalmente en caso de servizos prestados a tempo parcial.

De non presentarse a documentación acreditativa destes méritos e de tódolos extremos citados ou se presentase outra diferente á aquí referida, a puntuación nestes apartados será cualificada como de 0 puntos.

6.2.-MÉRITOS ACADÉMICOS.

a) -. Por asistencia a cursos de formación complementaria que teñan relación directa coas funcións do posto ou coa Atención Temperá, concederase ata un máximo de 3 puntos con arranxo á seguinte escala:

- Masters ou cursos de postgrado relacionados co posto a cubrir: 1 punto
- Cursos de máis de 100 horas: 1 punto.
- De 71 a 100 horas: 0,75 puntos
- De entre 20 e 70 horas: 0,50 puntos
- De menos de 20 horas: 0,25 puntos.
- Por asistencia a congresos, convencións, xornadas ou seminarios e cursos de 10 horas ou menos: 0,10 puntos.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración.

b)- Cursos oficiais de lingua galega:

- Celga 3, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación, curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º curso Escola Oficial de Idiomas: 0,25 puntos.
- Celga 4, Curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º e 2º e 3º curso da escola oficial de idiomas; 0,50 puntos.

En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento, só se computará o de maior puntuación.

c)- Coñecementos de informática, ata un máximo de 1 punto:

- de menos de 15 horas: 0,25 puntos
- entre 15 e 50 horas: 0,50 puntos
- de 51 a 100 horas: 0,75 puntos
- máis de 100 horas: 1 punto

Os cursos acreditaranse mediante copia compulsada do correspondente diploma no que debe constar a duración do curso en horas e como mínimo o título do mesmo, ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

Os organismos que acrediten a formación dos candidatos/as, deberán ter carácter oficial ou ser entidades que contan co apoio de institucións oficiais.

Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados.

6.3.- MÉRITOS RELACIONADOS COA FORMACIÓN IMPARTIDA POLOS/POLAS CANDIDATOS/AS.: concederase ata un máximo de 3 puntos con arranxo á seguinte escala:

- Relatorios en congresos, seminarios, xornadas: 1 punto cada una.
- Participación en mesas redondas: 0,5 puntos por cada unha.
- Por curso impartido:
 - Menos de 4 horas: 0,5 puntos.
 - De 4 a 8 horas: 1 punto.
 - De máis de 8 horas: 1,5 puntos.
 - Pola coordinación/dirección de cursos: 1,5 puntos por cada un.

Ningún mérito poderase utilizar para puntuar en máis dun apartado.

6.4. ENTREVISTA CURRICULAR, ata un máximo de 3 puntos

A entrevista terá como finalidade apreciar o grao de madurez, grao de formación xeral e técnica, formación e experiencia acreditadas no currículo, en relación coas funcións desta praza .

Serán excluídos/as do proceso selectivo os/as aspirantes que non comparezan.

7.- LUGAR, DATA E CELEBRACIÓN DA FASE DE ENTREVISTA.

Determinarase polo Tribunal unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, facéndose público no mesmo anuncio que a listaxe provisional de admitidos ao proceso.

8.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final de cada aspirante virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos diversos apartados da fase de concurso, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados/as.

En caso de empate na puntuación final, acudirase para resolvelo á puntuación obtida nos apartados do baremo pola orde na que figuran na base 6ª.

9. - PROPOSTA DE SELECCIÓN.

O/a Presidente/a do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados/as, formulará proposta de selección ante o Sr. Alcalde-Presidente a favor do/da aspirante con maior puntuación, sen que dita proposta poida superar o número de prazas convocadas.

As propostas de selección que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

A proposta publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

10.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

No prazo de 5 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación da proposta de selección no taboleiro de Edictos (prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade), o/a aspirante proposto/a polo Tribunal deberá presentar no Rexistro do Concello a documentación acreditativa dos requisitos expresados na Base 2ª:

- O apartado b) mediante a presentación de Certificado Médico para o efecto.
- Os apartados f) e g) con declaración xurada para o efecto.

Igualmente aportarase fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificación do número de conta bancaria.

Se dentro do prazo indicado, salvo causa de forza maior, o/a aspirante non presentase a documentación ou do exame da mesma se infira que carece dalgún dos requisitos relacionados na Base 2, non poderá ser contratado e perderá tódolos seus dereitos, sen prexuízo das responsabilidades en que houberse podido incurrir.

11.- RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN .

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os/as aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder as prazas que se convocan, o Alcalde resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral con contrato temporal de duración determinada.

No obstante o anterior, no caso de que se produzan renuncias do/a aspirante seleccionado/a, con anterioridade á celebración do correspondente contrato laboral de carácter temporal, o órgano de selección elaborará unha proposta complementaria (lista de reserva) co fin de asegurar a cobertura do emprego convocado. Na citada lista figurarán os/as aspirantes pola orde de puntuación acadada.

Ata que non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

12.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

13.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Burela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

14.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Burela á publicación no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello dos datos persoais que consten no expediente da selección e que sexa necesario publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

Burela, 24 de xullo de 2018.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R.2165

A FONSAGRADA

Anuncio

De conformidade co disposto no acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de xullo de 2018, fanse públicas as bases para a creación dunha bolsa para a provisión con carácter de funcionario interino dun posto conserxe - subalterno de instalacións deportivas ao abeiro do Programa de fomento do emprego financiado pola Deputación Provincial de Lugo.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro do Concello da Fonsagrada. En caso de presentar a solicitude por outros medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, deberán remitir comunicación por fax ao Concello (982340001) dentro do prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación será de 7 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Requisitos: Os establecidos nas bases da convocatoria.

As bases completas da convocatoria estarán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org)

A Fonsagrada, 01 de agosto de 2018.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 2246

Anuncio

De conformidade co disposto no acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de xullo de 2018, fanse públicas as bases para a creación dunha bolsa para a provisión con carácter de funcionario interino de condutor de motoniveladora, oficiais de primeira - maquinistas e oficiais de primeira- albaneis ao abeiro do Programa de fomento do emprego financiado pola Deputación Provincial de Lugo.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro do Concello da Fonsagrada. En caso de presentar a solicitude por outros medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, deberán remitir comunicación por fax ao Concello (982340001) dentro do prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación será de 7 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Requisitos: Os establecidos nas bases da convocatoria.

As bases completas da convocatoria estarán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org)

A Fonsagrada, 01 de agosto de 2018.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 2247

Anuncio

De conformidade co disposto no acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de xullo de 2018, fanse públicas as bases para a creación dunha bolsa para a provisión con carácter de funcionario interino dun posto de auxiliar administrativo ao abeiro do Programa de fomento do emprego financiado pola Deputación Provincial de Lugo.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro do Concello da Fonsagrada. En caso de presentar a solicitude por outros medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, deberán remitir comunicación por fax ao Concello (982340001) dentro do prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación será de 7 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Requisitos: Os establecidos nas bases da convocatoria.

As bases completas da convocatoria estarán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org)

A Fonsagrada, 01 de agosto de 2018.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 2248

MONTERROSO

Anuncio

Información pública

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o pasado 26 de xullo de 2018, a ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos culturais e deportivos especiais do concello de Monterroso, exponse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional, procedéndose á publicación íntegra da devandita ordenanza.

Monterroso, 27 de xullo de 2018.- O alcalde, Miguel Rico Gómez.

R. 2177

Anuncio

Información pública

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o pasado 26 de xullo de 2018, o regulamento do control interno na súa modalidade de fiscalización e intervención previa limitada do Concello de Monterroso, expónse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional, procedéndose á publicación íntegra da devandita ordenanza.

Monterroso, 27 de xullo de 2018.- O alcalde substituto, Marcelino Vázquez García.

R. 2178

Anuncio

Información pública

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o pasado 26 de xullo de 2018, a ordenanza reguladora da ocupación de vía pública con mesas, cadeiras e outros elementos móbiles, expónse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional, procedéndose á publicación íntegra da devandita ordenanza.

Monterroso, 27 de xullo de 2018.- O alcalde, Miguel Rico Gómez.

R. 2179

Anuncio

Información pública

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o pasado 26 de xullo de 2018, a ordenanza reguladora de protección dos camiños municipais en relación coas operacións forestais e outros, expónse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional, procedéndose á publicación íntegra da devandita ordenanza.

Monterroso, 27 de xullo de 2018.- O alcalde, Miguel Rico Gómez.

R.2180

A PASTORIZA

Anuncio

O Pleno desta Corporación aprobou o expediente de modificación de créditos núm. 1/2018, dentro do orzamento municipal do exercicio 2018, por un importe de cincocentos setenta mil euros (570.000,00 €). En cumprimento do disposto no artigo 177 en relación co artigo 169, ambos do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, expónse o expediente ao público na Secretaría deste concello polo prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia a fin de que durante o dito prazo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán dirixirse ao Sr. alcalde-presidente deste concello.

Pastoriza, 23 de xullo de 2018.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 2155

XOVE*Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía de data 30 de Xullo de 2.018, prestouse aprobación inicial ó Padrón do Imposto de Actividades Económicas correspondente ó exercicio de 2.018 pola parte cuia xestión corresponde ao Concello de Xove.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ó pago do imposto, que dispoñen de un prazo de quince días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ó obxecto de que poda ser examinado e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra o mesmo.

PERIODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 1 de setembro a 31 de outubro de 2018, na entidade bancaria Banco Pastor, Sucursal de Xove, no horario de apertura ó público da mesma, de 8.30 a 14.00 horas, de acordo co disposto no artigo 14 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que os interesados poderán interpor ante o Alcalde - Presidente e contra a aplicación e efectividade do Tributo acordada o recurso de reposición a que se refire o artigo 108 da Lei 7/85, de 2 de abril, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a publicación deste anuncio no B.O.P. O recurso entenderase desestimado de non ter recaído resolución no prazo máximo dun mes.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, devengando o recargo de apremio, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan, da cordo co establecido no artigo 28 da Lei Xeral Tributaria, e segundo preceptúa o Regulamento Xeral de Recadación.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ó público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria.

Xove a 30 de xullo de 2018. O Alcalde .- Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2184

MNISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Expediente: A/27/03547/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Comunidad de Usuarios de la Fuente de Illo

Nombre del río o corriente: Arroyo Rego de Illo

Punto localización: Pígara

Término municipal y provincia: Guitiriz, Lugo

Caudal concedido: 0,17 l/s

Destino: Abastecimiento y uso ganadero

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 23 de mayo de 1996

Registro de Aguas: 5418, Sección A, en el Tomo 0055, hoja número 018

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE (20) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el

cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Guitiriz** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 19 de julio de 2018.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R.2136

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/04925/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Antonio Agustín García Díaz

D.N.I. número: 33830136B

Nombre del río o corriente: Río Miño

Término municipal y provincia: A Pastoriza, Lugo

Caudal concedido: 200 l/s

Destino: Piscifactoría

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 07 de junio de 1994

Registro de Aguas: 6407, Sección A, en el Tomo 0065, hoja número 007

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE (20) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de A Pastoriza** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 19 de julio de 2018.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 2137

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/04026E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Comunidad de Usuarios Pozo Cortiña Fernal o Das Avieiras

Nombre del río o corriente: Un (1) pozo

Punto localización: Santa Eulalia de Esperante

Término municipal y provincia: Lugo, Lugo

Caudal concedido: 0,044 l/s

Destino: Abastecimiento y uso pecuario

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 04 de marzo de 1994

Registro de Aguas: 3317, Sección A, en el Tomo 0034, hoja número 017

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE (20) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Lugo** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 19 de julio de 2018.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 2138

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/02177/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: José Maseda Braña

D.N.I. números: 33653302R

Nombre del río o corriente: Río González

Punto localización: Lugar de Grandella, parroquia de Goá

Término municipal y provincia: Cospeito, Lugo

Caudal concedido: 2,315l/s

Destino: Uso doméstico, ganadero y riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 18 de junio de 1996

Registro de Aguas: 5493, Sección A, en el Tomo 0055, hoja número 093

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE (20) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Cospeito** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 19 de julio de 2018.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R 2139

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/04173/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Teresa Mercedes Quiroga Fernández

D.N.I. número: 76603204W

Nombre del río o corriente: Un (1) pozo

Punto localización: Bustelo, parroquia de Rosende

Término municipal y provincia: O Saviñao, Lugo

Caudal concedido: 0,021 l/s

Destino: Uso doméstico y ganadero

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 18 de enero de 1996

Registro de Aguas: 4732, Sección A, en el Tomo 0048, hoja número 032

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE (20) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de O Saviñao** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 19 de julio de 2018.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 2140

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/02909/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Isidro de la Cal Fresco, S.L.

C.I.F. número: B15034408

Nombre del río o corriente: Río Louzara y manantial Batán o Santalla de Arriba

Punto localización: Santalla

Término municipal y provincia: Samos, Lugo

Caudal concedido: 108 l/s

Destino: Uso industrial (piscifactoría)

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 23 de noviembre de 1992

Registro de Aguas: 3424, Sección A, en el Tomo 0035, hoja número 024

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE (20) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Samoso** en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 19 de julio de 2018.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 2141

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/05245/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Carmen Varela Mera

D.N.I. número: 33818740T

Nombre del río o corriente: Dos (2) manantiales

Punto localización: Chousa do Carballo, parroquia de Vilameá

Término municipal y provincia: Guntín, Lugo

Caudal concedido: 1,58 l/s

Destino: Riego y uso doméstico

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 21 de marzo de 1996

Registro de Aguas: 4970, Sección A, en el Tomo 0050, hoja número 070

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE (20) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Guntín** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 19 de julio de 2018.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 2142

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/06374/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Manuel José Forja Rojas

D.N.I. número: 33326983Y

Nombre del río o corriente: Manantial sito de la finca Da Casa

Punto localización: Castelo

Término municipal y provincia: Outeiro de Rei, Lugo

Caudal concedido: 0,08 l/s

Destino: Uso ganadero

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha 18 de julio de 1997

Registro de Aguas: 6910, Sección A, en el Tomo 0070, hoja número 010

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE (20) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Outeiro de Rei** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 19 de julio de 2018.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 2143

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/03121/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Dodolino López Varela

D.N.I. números: 33650319P

Nombre del río o corriente: Manantial Fonte do Rego Cabado

Punto localización: Lugar de Estreito

Término municipal y provincia: A Pastoriza, Lugo

Caudal concedido: 0,035 l/s

Destino: Uso doméstico y ganadero

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 25 de abril de 1996

Registro de Aguas: 5182, Sección A, en el Tomo 0052, hoja número 082

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE (20) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de A Pastoriza** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 19 de julio de 2018.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 2144

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/03812/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Antonio Lence Ferreiro

D.N.I. números: 33754710W

Nombre del río o corriente: Un (1) pozo

Punto localización: Lugar de Rebordaos

Término municipal y provincia: Castroverde, Lugo

Caudal concedido: 0,041 l/s

Destino: Uso doméstico

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 30 de noviembre de 1995

Registro de Aguas: 4741, Sección A, en el Tomo 0048, hoja número 041

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE (20) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Castroverde** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 19 de julio de 2018.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 2145

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****Expediente: A/27/05732/E**

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Manuel Mariño Ascariz

D.N.I. números: 33807517R

Nombre del río o corriente: Arroyo Chousa da Lama

Punto localización: Lugar de Senande, parroquia de Ferreira

Término municipal y provincia: Palas de Rei, Lugo

Caudal concedido: 0,04 l/s

Destino: Uso ganadero

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 29 de noviembre de 1996

Registro de Aguas: 6030, Sección A, en el Tomo 0061, hoja número 030

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de VEINTE (20) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Palas de Rei** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 19 de julio de 2018.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 2146